

Boletín de Información Cultural de Lugo

MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

CATAS LITERARIAS

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

As **Catas Literarias** consisten nunha merenda de tapas e viño dunha DO galega, cunha actuación musical, como prelu-
dio á conversa cun autor ou autora que falará especialmente do seu último libro. Celébranse polo menos todos os se-
gundos xoves de mes. Tamén hai **Bocatas Literarios**, para público infantil.

Máis información: <http://mihlcatasliterarias.com>

MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

EXPOSICIÓN MIHL FOTOS DE DANZA

Aberta ata o 30 xuño. No horario habitual do MIHL: martes a sábado de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30; do-
mingos de 17:00 a 20:00

Organizan: Alfredo Bongiani fotógrafos / Star Dance. Escola de danza - Club de baile deportivo

Patrocina: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

EXPOSICIÓN HISTORIA DO LIBRO

Aberta ata o 30 xuño. No horario habitual do MIHL: martes a sábado de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30; do-
mingos de 17:00 a 20:00

Organiza: IES Ánxel Fole

Patrocina: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA RESONANCIAS EN MOVEMENTO, do alumnado de fotografía da Escola de Arte e
Superior de Deseño Ramón Falcón (profesor, Xan Seoane). Dentro das actividades do III Ciclo de Música contemporá-
nea de Lugo "MIHLSons-XXI". Está instalada no hall do Auditorio, onde ata setembro a poderán ver as persoas que
asistan ós espectáculos.

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CASA DA XUVENTUDE

EXPOSICIÓN PIONEIRAS: JIMENA E ELISA FERNÁNDEZ DE LA VEGA E LOMBÁN

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MUSEO PROVINCIAL. SALA DE EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓN: PINTURA GALEGA CONTEMPORÁNEA. Colección de Álvaro Gil Varela

Aberta ata o 30 de xuño. Horario: de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festi-
vos 11:00 a 14:00

Organiza: Rede Museística Provincial

MUSEO PROVINCIAL. SALA MULTIUSOS

EXPOSICIÓN: 70 ANOS DO CONSELLO DE GALIZA. O GOBERNO GALEGO NO EXILIO

Aberta ata o 14 de xuño (domingo). Horario: de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; do-
mingos e festivos 11:00 a 14:00

Organiza: Fundación Moncho Reboiras, en colaboración coa Área de Cultura e Turismo e a Rede Museística da Depu-
tación Provincial

SALA DE EXPOSICIÓNS DO PAZO DE SAN MARCOS

EXPOSICIÓN: OLLADAS Á OBRA 'A MIÑA FAMILIA' DE XULIA MINGUILLÓN

Aberta ata o 18 de xuño. Horario: de luns a venres 10:30-14:00 e 16:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00;
domingos e festivos 11:00 a 14:00

Organiza: Deputación de Lugo, Vicepresidencia Primeira - Rede Museística Provincial.

ARDE LVCVS

O próximo fin de semana (19, 20 e 21) de xuño é ARDE LUCUS

Enviamos un PDF do programa completo como anexo a este Boletín

Máis información: www.ardelucus.com

LVCVS CVLTVRAL

Durante abril, maio e xuño desenvólvense as actividades de LVCVS CVLTVRAL, vinculadas ó ARDE LVCVS

Máis información: A información actualizada do LVCVS CVLTVRAL e mais do ARDE LVCVS está dispoñible nas páxi-
nas web www.ardelucus.com; www.lugo.gal

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE LUGO

ABERTO O PRAZO DE MATRÍCULA PARA O CURSO 2015-16

Novo alumnado: 1 a 15 de xuño

A matrícula farase na Secretaría da Escola no seu horario habitual (agás o 10 de xuño, que estará pechada por activi-
dades no Auditorio Municipal Gustavo Freire)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

INSCRICIÓN NOS OBRADOIROS INFANTÍS DE DEBUXO "O LUGO ROMANO"

Obradoiro destinado a nenas e nenos de entre 5 e 12 anos, cun máximo de 20 por sesión. As clases impartiranse no
MIHL, de 11:00 a 13:30, os sábados días 23 e 30 de maio e 6, 13, 27 de xuño. O día 20 de xuño, con motivo da cele-

bración do ARDE LUCUS, trasladarase á praza de San Marcos, será ó longo de toda a mañá e estará aberto a todos os nenos e nenas que queiran participar.

Cada sesión do obradoiro tratará sobre un tema relacionado coa historia da cidade, de cómo se foi creando e cómo era a vida dentro das murallas.

Inscripción: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, Tf. 982 251658

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

RECITAL NA LIBRARÍA GATO NEGRO

Data: Venres 12 de xuño

Recital de: Claudio Rodríguez Fer. Con presentación de *A cabeleira*, poema traducido a 35 idiomas (que lerán: en galego, Cris Fiaño; en castelán, Olga Novo; en francés, María Lopo; en italiano, Silvia Alonso; en inglés, Androulla Sarah Panayi; en alemán, Manuel Fernández Méndez; en xaponés, Sandra López)

Lugar: Librería Gato Negro (rúa de San Roque, 35)

Hora: 20:00

Organiza: Librería Gato Negro

XLIII FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO - SEMANA DE MÚSICA DO CORPUS

II Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi de Lugo

Data: Venres 12 de xuño

Concerto de: Stefan Kagl (Alemaña), órgano / *O sacrum convivium*

Lugar: Catedral de Lugo

Hora: 20:30

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Centro Eucarístico Lucense

Colaboran: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo / Deputación de Lugo / Centro de Artesanía e Deseño / Sociedade Filarmónica de Lugo / Círculo das Artes / Diocese de Lugo / Conservatorio Profesional de Danza / USC

Máis información: www.lugo.gal

HUMOR NO CLAVI

Data: Venres 12 de xuño

Espectáculo: Carlos Blanco

Lugar: Club Clavicémbalo

Hora: 24:00

Entradas: No local

HUMOR NO CLAVI

Data: Sábado 13 de xuño

Espectáculo: Carlos Blanco

Lugar: Club Clavicémbalo

Hora: 24:00

Entradas: No local

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

Data: Domingo 14 de xuño

Actividade: Ruta As Ninfas da Auga: fontes curativas na tradición popular / Lugo-O Veral-O Corgo / 20 km

Lugar de saída: Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)

Hora de saída: 10:30 / Hai que levar comida e bebida para o xantar

Inscripción: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CICLO DE CONFERENCIAS - LUCUS CULTURAL

Data: Luns 15 de xuño

Conferencia: O exército e as redes viarias na Gallaecia romana

Relator: Javier Gómez Vila

Lugar: Salón de actos da Deputación de Lugo

Hora: 20:30

Organiza: Cohors III Lucensium

TEATRO NA CASA DO SABER

Data: Luns 15 de xuño

Obra: *Romano*. Texto e dirección de Lino Braxe

Compañía: Espello Cóncavo, coa colaboración da Compañía de Teatro da USC - Lugo

Lugar: Casa do Saber

Hora: 20:30

Entrada: Gratuíta ata completar a capacidade

Organiza: Área de Cultura. Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

CONCERTO DE FIN DE CURSO - TRADESCOLA

Data: Martes 16 de xuño

Lugar: Praza de Anxo Fernández Gómez (detrás da Casa do Concello)

Hora: 19:00

Organiza: TradEscola de Música Tradicional - Asociación de Gaiteros Galegos

Patrocinan: Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo - Concello de Lugo

CICLO DE CONFERENCIAS - LUCUS CULTURAL

Data: Martes 16 de xuño

Conferencia: Escravitude e manumisión en Roma: as súas pegadas en Gallaecia
Relatora: Clara María Ramos Taboada
Lugar: Salón de actos da Deputación de Lugo
Hora: 20:30
Organiza: Cohors III Lucensium

SERÁNS CULTURALS

Data: Mércores 17 de xuño
Actividade: Seráns Culturais – Caramuxo Teatro con *As fabas máxicas*
Tipo de espectáculo: Teatro infantil
Lugar: Sala de Exposicións da Deputación
Hora: 18:00
Entrada: entrada libre ata completar aforo
Organiza: Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo. Área de Cultura

CICLO DE CONFERENCIAS - LUCUS CULTURAL

Data: Mércores 17 de xuño
Conferencia: A cosa nostra ou a Gallaecia imaxinada
Relator: Xurxo M. Ayán Vila
Lugar: Salón de actos da Deputación de Lugo
Hora: 20:30
Organiza: Cohors III Lucensium

CONCERTO NO CLAVI

Data: Mércores 17 de xuño
Concerto: Jazz & Funk Jam Session
Lugar: Club Clavicémbalo
Hora: 23:00
Entradas: No local

LUBICÁN 2015 (Lugo Cultural <<http://www.lugocultural.es/>>)

Data: Xoves 18 de xuño
Concerto: Clave de Fado en concerto
Lugar: Casa do Saber
Hora: 20.30
Entrada: Gratuíta ata completar a capacidade
Organiza: Área de Cultura da USC. Campus de Lugo
Patrocina: Lugo Cultural (Universidade de Santiago, Concellería de Cultura, Xuventude, Turismo e Promoción da Lingua do concello de Lugo, Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo)

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 100 D'A TRABE DE OURO

Data: Venres 19 de xuño
Acto: Presentación d'*A Trabe de Ouro*, publicación galega de pensamento crítico. Intervirán o director Xosé Luís Méndez Ferrín, o editor Olegario Sotelo Blanco e os membros do Consello de Redacción Rosa López e Darío Xohán Cabana
Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo
Hora: 20:00
Organiza: A Trabe de Ouro - Editorial Sotelo Blanco

ACTO DO C. S. MADIA LEVA!

Data: Venres 19 de xuño
Actividade: Grupo de Estudos. Democracia Directa. Cea-debate. Texto *O impasse cidadanista*, Alain C.
Lugar: Ateneo A Engranaxe (Río Sil, 52)
Hora: 21:00
Organiza: C. S. Mádía leva!

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 19 de xuño
Concerto: 1º Tradi Lucus. TreVellos + Bouba Pandereteiras
Lugar: Club Clavicémbalo
Hora: 24:00
Entradas: No local

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 20 de xuño
Concerto: 1º Tradi Lucus. Eudemónicas + Airiños da Freba
Lugar: Club Clavicémbalo
Hora: 24:00
Entradas: No local
